



## **PROPOSTA ALCALDÍA**

Tendo en conta o art. 106.3 LRBRL que preceptúa que é competencia das Entidades Locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das Entidades Locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras Entidades Locais, coas Comunidades Autónomas ou co Estado, de acordo co que estableza a lexislación do Estado.

Pola súa banda, o RDLeg 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRHL-, dispón na súa art. 7 que as Entidades Locais “poderán delegar na Comunidade Autónoma ou noutras Entidades Locais en cuxo territorio estean integradas, as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias que a presente Lei atribúelles” (apartado 1º, parágrafo 1º), así como as de “os restantes ingresos de Dereito público que lles correspondan” (apartado 1º, parágrafo 2º); así mesmo indica que “o acordo que adopte o Pleno da Corporación haberá de fixar o alcance e contido da referida delegación ” (apartado 2º).

Visto que a Deputación Provincial de Lugo o 27/11/2007 aprobou as Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”, e que estas bases foron modificados en acordos plenarios desa Deputación Provincial en acordos sucesivos.

Visto que o Pleno do Concello de Chantada en sesión ordinaria celebrada en sesión ordinaria do día dous de febreiro de 2015 adoptou o acordo de delegación na Deputación Provincial de Lugo a xestión, recadación e inspección de tributos nos termos que se sinalan no acordo referido e de conformidade coas bases e as especialidades do acordo de delegación.

Visto que con RE nº5108 de data 28/11/2018 se comunicou a este Concello o acordó da Deputación de Lugo de modificación das bases terceira, décima, décimo primeira e décimo segunda das “ BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCION , POR DELEGACION EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTION, INSPECCION E RECADACION EN RELACION A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO”, que foron publicadas no BOP de Lugo nº267 de 21/11/2018 e que de conformidade co seu punto segundo, entraron en vigor automaticamente o 1 de xaneiro do 2019.

Visto o Informe favorable do Tesoureiro do Concello de Chantada de data 08/03/2019.

Tendo en conta o artigo 22 e 47.2h) da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



## PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN

**PRIMEIRO.** Aceptar a modificación das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa , de competencias en materia de xestión inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público na Deputación de Lugo, publicadas no BOP de Lugo nº267 de 21/11/2018.

**SEGUNDO.** Dar traslado do presenta acordo de acepción á Deputación de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

En Chantada, a 08 de marzo de 2019.

Intervenido e Conforme  
A Interventora accidental  
Conforme, A Secretaria ,

O Alcalde,

Asdo. Manuel L. Varela Rodríguez